

## “O MUIÑEIRO E O SIÑOR SAN PEDRO” (Conto)

Disque houbo unha vez un muiñeiro que adoentou e púxose tan raliño, que viu roldar a morte cabo de si, e seique, unha noite, cando se viu máis pequeniño e xa todos na casa tiñano por morto, tivo un soño, ou foi de certo, que nunca puido de se saber, e viu, como dempois de moitos traballos caristosos para pasar a ponte estreita, chegou pé do señor san Pedro, e ó lle pedir entrar no ceo, díxolle o outro:

- ¡Nooon!, ¡nooooo!, ti ó meu non vas, ¿non fuches muiñeiro na terra?
- Fun.
- Pois dquela, ¿como vas pasar, home? Tanto como arroubades os muiñeiros. Ti non podes ir se non é ó inferno, de maneira que ¡lisca!, ¡lisca xa!
- Eu, señor – falou o muiñeiro moi abaixadiño -, non arroubei cousa; o carpinteiro fixérame unha maquía una miaxiña máis grande, mas eu non quedaba sen coa maquía que era de dereito.
- Si, si, xa eu sei; e dime ¿por que non fixeche esa miaxiña máis cativa do que era de razón?
- Eu, señor, non quería morrer, nen quería ir o inferno; e seipa, señor, que son un bo cristián
- ¡Cante!, ¿daquela que é o que querías?
- Se eu non morro agora, eu, señor, restituirei se vostede me da tempo
- Terás o tempo,home; vas vivire outra vez, mas sabe que se non restituíse, o te chegar o tempo entrarás de cabeza nos infernos.
- ¡Asús!, ¡que medo! – dixo o muiñeiro -, e foi o caso que dende aquela deu en mellorar e, entroques de morrer, viuse outro home.

De primeiro andivo moito tempo atristado, nen morrera nen fora ó inferno, mais tiña tanto medo de que poideran pasar as dúas cousas que non quixo máis ser muiñeiro, non fose o diaño que a medida turrara dele para a condenazón. Escimou, escimou moito, e, como tiña algúns cartiños forros, fíxose tendeiro; como el dixer, era un bo cristián, e quixo restituir. O señor San Pedro xa vería como el era bo, e merecente do ceo. O seu pecado fora poñer para a maquía unha medida unha miaxiña máis grande do que compría, pois agora estaba disposto a poñer todas as medidas unha miaxiña máis cativas do que era de razón, como o señor San Pedro díxerlle, e, adeus, xa quedaban na paz; e fixo tal como cavilou. O que se non soubo foi o que dixo o señor San Pedro cando o muiñeiro morreu de certo, nen sabemos tampouco onde el foi parar despois de morto, inda que temos para nós que está no ceo, e que todos os tendeiros foron muiñeiros de primeiro, como lle aconteceu ó do conto, pois debe ser para restituir que poñen as medidas unha miaxiña máis cativas.

### **ACTIVIDADES:** (1º Ciclo da ESO)

- 1.- Pasa o conto a galego normativo.
- 2.- Quen é o Señor San Pedro? Onde chegou, por tanto, o protagonista do conto?
- 3.- Que asunto leva ao protagonista diante de San Pedro? Que imaxe quere darnos o conto dos muiñeiros? Defíneos con catro adxectivos.
- 4.- DEFINE os termos do conto: MAQUÍA, DIAÑO, MUIÑEIRO, ESCIMAR.
- 5.- Di o refrán que “A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo”. Que quer dicir a frase? Atopas algunha relación coa historia do conto.